

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTÉ XC 22-2022). SUBVENCIÓN PARA A PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DE DOUS ORIENTADORES LABORAIS.

Visto o expediente tramitado relativo ó compromiso firme de financiamento por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, polo importe de 52.000,00 euros, en base á Resolución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación que obra no expediente (Núm. Rexistro Entrada 20220000027233 de día 29.07.2022), para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2022propúxose a tramitación do correspondente expediente de crédito mediante a modalidade de xeración de crédito (compromisos firmes de aportación), e examinados os antecedentes obrantes no expediente:

-Proposta de data 09.08.2022 de iniciación do expediente de modificación de crédito, mediante a modalidade de xeración de crédito por mor da executividade dos recursos afectados.

Propónse a tramitación do expediente administrativo de modificación orzamentaria mediante a modalidade de xeración de crédito, según o seguinte teor e creando a tal efecto las aplicacións orzamentarias, de ser o caso, e o Código de Proxecto seguinte:

- Programa “Orientación Laboral”.
- Importe **Subvención 52.000,00 €**. (Resolución da Dirección xeral de Formación para o Emprego e Orientación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia do 26.07.2022)
- Observacións: Financiamento .

Xeración de créditos.-

ESTADO DE INGRESOS: Compromisos firmes de aportación da Xunta de Galicia

Concepto	Código proxecto	Denominación	Importe
45050	192410003	Transf.Ctes. cumpr. Conv. C.A. Emprego e Desen	52.000,00 €

INTERVENCIÓN

MVF/mjlc

Refª: ispac922095596994679593.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 22-2022

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Denominación	Importe
24100.13100	192410003	Laboral Temporal	39.488,80 €
24100.16000	192410003	Seguridade social	12.511,2 €
		TOTAL	52.000,00 €

-Informe favorable da Intervención Xeral Ref. 2022/1252 do 10.08.2022.

Vistos os antecedentes anteriores, considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO**:

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 22-2022), introducándose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

Xeración de créditos.-

ESTADO DE INGRESOS: Compromisos firmes de aportación da Xunta de Galicia

Concepto	Código proxecto	Denominación	Importe
45050	192410003	Transf.Ctes. cumpr. Conv. C.A. Emprego e Desen	52.000,00 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Denominación	Importe
24100.13100	192410003	Laboral Temporal	39.488,80 €
24100.16000	192410003	Seguridade social	12.511,2 €
		TOTAL	52.000,00 €

INTERVENCIÓN

MVF/mjlc

Refª: ispac922095596994679593.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 22-2022

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.